

**Testamento
do
Burro
do
Limia**

Entroido 2008

Laza

Este ano compañeiros
Ben puideren verme apurado
Pois non atopaba un burro
Ó que meterlle bocado.

Alá marchen o xulgado
En busca de información
Refollando unha por unha
As partidas de defunción.

Despois de máis de dúas horas
Fun a dar co que eu buscaba,
Xa facía moito tempo
Por eso non me lembraba.

O papel que se mal lía
Deixaba ver unha liña
Dese xeito fun sabendo
Que o burro fora do Limia.

Empecei a preguntar
Como acontecera o conto,
E o que era máis importante,
Onde se atopaba o corpo.

Quen me deu a información
Foi o Ricardo Iña
Que lembrando ó pobre burro
Escapoulle unha lagrimiña.

Dicía non sei que dunha roda
E das “agujas” do tren,
Algo de eso baduaba,
Por que non lle entendín ben.

Moitas voltas lle fun dando
Pra descifrar a cuestión
E despois de catro meses
Atopeille a solución.

Onde eu entendera “roda”
No era eso cousa tal
Quería dicir, que se foda
Que me comía o trival.

O da maquina do tren
Tamén lle saquei proveito
Cavilando, cavilando,
Pouco a pouco dinlle xeito.

Fixádevos o que é o choio,
Vai caer un en calquera lado,
Nada que ver coa RENFE,
Estaba eu trabucado.

Cando quixen oír tren,
Nesa palabra acertei,
Pero onde entendín “aguja”
O Iña dixo Maruja.

Se ordenamos as palabras
Penso que me cadra ben
O Ricardo estaba dicindo
Que a Maruja está como un tren.

Con esto teño seguro
De que non fallo ó pensar
Que o Iña non era no burro
En quen quería montar.

Volvendo ó caso do bicho,
Un animal tan sensato,
Que ninguén deu en pesar
Que lle ía dar o arrebató.

Foino o Limia acomodar
Aquela mesma mañá,
Unha auguiña con farelos
Un iogur e unha mazá.

Anda Pancho ven para acá,
Tes que saír do curral,
Díxolle todo contento
O Manolo ó animal.

O burro falar non falou,
Pro foi como si falara,
Empezou a recachar
Non había quen o parara.

Valíame cristo, redios,
Na vida vin cousa igual
Atou a cabeza ós pes
Co carallo do ramal.

Maruja, ven a correr
Que desta quedamos ricos,
Vai en busca de catro homes
Alá ó Bar do Pistijos.

Foi o Rodas, o Moreno,
O Carroucas, e o Canteiro,
O Amador, o Herminio,
O Pedro e máis o Ferreiro.

De todos era sabido
Que catro homes eran poucos
Pra mover ese animal
Fixeron boa falta os oito.

Non houbo outra que falar
Desde o Couto ata o Solado
No forno de Cimadevila
Seica o tiñan enterrado.

A Filocha, díos nos libre
Non quería falar do asunto,
¡¡eu do burro non che sei,
solo sei que está defunto!!

Alí ninguén solta prenda
O preguntar din que non saben
“Mecajo” no burro de Cristo
nin que che fora o Bin Laden.

Marchei alá pra Soutaña
E pregunteille ó Moreno,
¡¡ fai moito que non o vexo,
desde que eu era pequeno!!

O Carroucas nada dixo
Montouse nas súas trece,
¡¡ vai e rézalle un responso,
a ver si así aparece!!

Pero eu en Cimadevila
Aínda teño bos amigos,
Fun falar alá co Chorro
E mandoume onde o Pistijos.

Que sorpresa foi a miña,
Quen cho ía sospeitar,
Picaron o burro en talladas
E púñano en pinchos no bar.

Foron listos de carallo
Tiñano ben argallado
Cada un levou un cacho
Pra escondelo no faiado.

Por exemplo o Quin do Ardillas
Apañou as angarillas,
O Carroucas e o Moreno,
O rabo que era pequeno.

O Limia non quixo nada
Pra non dar que desconfiar,
Si acaso daille á Maruja
Anque sexa un costelar.

Apareceu o Couquela
E déronlle unha canela,
Os do Costa foron todos
E marcharon cos miolos.

O Iña díxolle ó Rodas,
Mete a pirola onde podas,
Entón o Pepe responde,
Meter metía, o caso é onde.

Oi que carallo Pepe!!
Non me queres entender,
Digo que escondas a gaita
Senón lévanola o Elier.

A Marina aproveitou
Que durmían como leiróns
Nun momento de despiste
Escapou cos cagallóns.

De entre todos os que estaban
Houbo algún que foi máis fino,
Os rixos foron correndo
Pra casa do Severino.

O Canteiro dixo, non,
Do burro non gardo nada.
Pois carallo, na bodega
Apareceulle a papada.

O Herminio e o Amador
Foron os máis rezagados
Tocoulles levar o ramal
E os cojones desecados.

A Casiana aínda preou,
Dixo a min dádeme o ventre,
Así leva un cacho o Juan
Pra escondelo alá en Ourense.

E si tedes por aí
Da pata chégame un quilo
Farei unha pota de callos
Que lle gustan moito ó Camilo.

A Lola e máis o Celso
Agarráronse á cagarrincha,
E pra poñela no coche
Tamén levaron a cincha.

Pero onde máis atopei
Foi na casa do Seirante
Escondidas nunha arca
Estaban as patas de adiante.

Dixo o Pedrito do Andaluz,
Pois eu sen nada non quedo,
Arramplou con dous xamóns
Un pro Cima e outro pro Pedro.

Unha orella foi levada
Por a Carme do Correas
Agarrou a motoreta,
Escondeuna nas Borreas.

Fun á casa dos Varcancel
Por que me avisou o Ito,
Téñenche a carne gardada,
Van dicindo que é cabrito.

A Manola do Criez
Atopeille algo escondido,
Tiña o pelexo a curar
Pra faceres un abrigo.

E así pouquiño a pouco
Rescatei o burro enteiro
Faltáronme os solomillos,
Os ollos e o cabeceiro.

Esperade aí un anaco
Aquí está o cabeceiro
Acaban de traermo agora
Que o tiña o Paco Ferreiro.

Que vos parece logo
Se antes de repartir
Conto algunhas cousiñas
Que vos van fartar de rir.

Foron as municipais
E como sempre nesas datas
Aparecen os políticos
Alancando a catro patas.

Todos veñen ofrecendo
Parecen os reis magos,
E o pobo o neno Xesús
Tapadiño só cuns trapos.

Os do PSOE comentaban
Que traerían ó toural
A xogar á selección
E un concerto do Bisval.

Ai si, dicían os do BLOQUE,
Ninguén nos vai a pisar,
Nos imos traer ós Chichos
E máis ó Manolo Escobar.

Vendo esto os do PP,
Dixeron cun par de cojones,
Nin o Bisval nin os Chichos,
Nos traemos ós Rolling Stones.

Manda carallo na Habana,
Canto se fala ó estar quentes,
Si se xuntan entre todos
E non traen nin ós de Pentes.

Así chegou o momento,
Ai que cousa máis “munita”!!
Cando penso nese día
Pónseme a pel de pita.

Todos a votar ás urnas
Axuntiños como hermanos,
Todos como nunhas pascua,
Por que en pascuas estabamos.

Andaban os Socialistas
Por as leiras agochados
Pescudando ós do PP
Que saian por todos lados.

Os do Bloque mentres tanto
Xa sabían o catecismo,
Para que imos a loitar
Si nos van gañar o mesmo.

Así empezou o circo
Todos de alá pra acá.
Que si uns van cara o Santo
Que si outros a Matamá.

E foi o momento final
Para que vos vou contar,
Si duro é saber perder,
Máis duro é saber ganar.

A xente é quen máis decide,
Non vou a falar de balde,
Se o pobo dictou sentenza,
Pois que Dios salve ó Alcalde.

Quen poña en marcha o concello
Xa con eso ten bo lío,
Que se sigue a cousa así
Vai quedar esto vacio.

Pois facer como en Verin
Pode ser a solución,
Entre putas e macarras
Xa dobrou a poboación.

De Madrid mándannos Euros
Pra ternos a todos contentos,
Por botar un “canibete”
Seica dan dous mil quinientos.

Por a contra o Rajoi
Neso é máis conservador
Si se trata de mollar
Aí canto menos mellor.

Logo está o Llamazares,
Ese teno claro nesto,
O falarlle de montar
El dice, a diestro e siniestro.

Nunha liña parecida
Van os do PENE-SUVE,
A palabra xa o di
A cuestión é darlle lume.

Sexan francos ou escudos,
Euros ou pesetiñas,
Póñense máis cachondos
Si botan unhas bombiñas.

Pra finos os Catalas,
Eses son unha pasada
Como lles gustan os cartos
Van co clan do dobre ou nada.

Pero o mellor deste asunto
Esta no pobo de Laza
Tomárono ó pe da letra
Esto si que che ten gracia.

Díxome o farmacéutico,
O Zapatero é un mamón
Co carallo desa historia
Non vendo nin un condón.

Pois hala, lume no caño,
Que queredes que vos diga,
Non sei como de repente
Andan todas con barriga.

Dixo a Elvira de Villamea,
Esto non me desagrada,
Vou deixar de vender ovos,
Que gano mais si quedo preñada.

Amarrar eses cartiños,
Que está a vida por a nubes,
O peor vai ser con quen,
Como non se preste o Rubes.

Os maridos andan contentos
Parécelles todo unha festa,
Quen paren son as mulleres
Mentres eles cobran a extra.

Entrou o ano pasado
Con moita muller preñada,
A nora do Manolito,
E a Anita do Losada.

Xa me dixo a min o coella,
O diñeiro non é moito
Pero dame pra os cubatas
Que vou baldear no Entroido.

Tamén nos deu a sorpresa
A María do Canguro,
Dixo el, manda carallo,
Indemnizoume o seguro.

O Martinez de Souteliño
Empaquetou á muller,
Que non lle dobren a paga,
Senón pro ano outra vez.

Outra das que entra nos “bonus”,
Que se non pariu parirá,
E a filla da Erundina
E do Emilio da “Hermandá”.

E logo que pasou Manolo,
Descontrol no ñaca-ñaca?
Que va, todo está estudiado,
Dos mil quinetos a la buchaca.

O José Manuel do Costa
Tamén trae á muller con panza,
E dicir, embarazada,
Ou en estado de buena esperanza.

É de todos o máis practico
Ve negocio a corto prazo
Pensa mercar un tractor
Co choio do embarazo.

Como siga dese xeito
A ver onde vai chegar
Terá que coller un belcro
E vaina ter que sellar.

Sei que algún foi o rosario
A pedirlle ó rei dos ceos,
Se acaso Díos o escoitara
E lle mandara xemelos.

Agora non votan contas
Si nace o rapa en abril,
Si por un son dous mil quinientos,
Por dous serán cinco mil.

Aínda lle aposto alguén
Que algún animal con traxe
Ben quixera que viñeran
Catro ou cinco dun viaxe.

Estamos logo apañados,
Hai quen aproveita a cuna
Pon unha granxa de fillos
Pra facer unha fortuna.

Quen dera esto daquela
Díxolle un día o Juan Luis,
Pois nos que eramos once
Arruinabamos o Pais.

Que ben nos veu este burro,
Coa crisis que está a acontecer
E que xa ata nos dicen
O que temos que comer.

Para paliar la crisis
Les mandamos un consejo
Es de vital importancia
Que coman mucho conejo.

Básicamente los hombres,
Las mujeres, según cuales
Pues sabemos que hay algunas
Que le van esos manjares.

No es muy recomendable
Para la que sea anticuada,
En ese caso es mejor
El chorizo o la empanada.

Este plato esta indicado
Para las mas conejeras,
Nos referimos a esas
Tambien llamadas bolleras.

Por lo escaso del producto
Los hombres tendrán que pagarla
La de buena calidad
No es muy fácil encontrarla.

Tenemos el conejo casero,
O tambien hay el de granja,
Que si vas por ahí a un club
Te puedes llenar la panza.

Ver control de calidad
Pues depende lo que cueste
Hay que tener cuidadito
Que pueden tener la peste.

Los ojos se ponen rojos
Y no se lo que te pasa
Si no te inchan por la peste
Te lo inchan al Llegar a casa.

O enterarse o Pepe coella,
Dixo, aí veñen por nos,
Avisou logo á familia,
Pra esconderse como lirós.

Houbo quen se sorprendeu,
Mais eso xa é conto vello
Leva o home toda a vida
Detrás do raio do Coello.

Xa se están dando de conta
Señoras e mais señores,
Que os que van tras do Cazapo
Non son só os cazadores.

Eses cazan a destajo,
Por o menos é o que din,
Dálle o mesmo que sexa lebre
Zorra, corza ou xavarin.

Vexo risiñas de fada
Vexo dentes regañados
Esto xa o sabia eu
É que sodes mal pensados.

Seica dicía o sixtiño,
Eu como si hai que comer,
Por eso non hai problema
O caso é que queira a muller.

O Eduardo Morenita
Andaba un día coa “tonta”
Alá lle escapou un porco
Pero el non se deu conta.

Pra sacarlle ferro ó conto,
Pois entonces logo así,
Arranxeille un paso dobre
Que vos canto agora aquí.

El porco se ha escapado
Mentres o Eduardo durmía
Marchou por a calle arriba
Dende o outeiro á cerdeiriña.

Onde estará o porquiño
Onde estará o porquiño

Onde queira que este
Vai vir ó fardo
Foron á caza del
Como un biobardo,
A ver un porco así
Onde se mete?
Teremos que acudir
Ó corenta e sete.

Na porta do Portagero
Votoulle unha cagada,
Saíu a Alicia do Lolo
E deulle unha patada.

Onde estará o porquiño
Onde estará o porquiño.

Onde queira que este
O raio do porco
El ha de aparecer
Sea vivo ou morto,
Vou rezarlle un responso
E un rosario
Pra que non caia en maus
Do Solitario.

Ve u Pepa do Silvano
Preguntando de quen era
O Eduardo que estaba parvo
Dixo, será de calquera.

Onde estará o porquiño
Onde estará o porquiño..

Vai por el Percherón
Díxolle ó Chiste,
Que o porquiño o cabrón
Xoga ó despiste,
Eu non sei cal dos dous
Entrou primeiro
Pro encallaron os dous
No caneteiro.

O Paco do Ceboleiro
O Miro e o Manolito
Xa o tiñan atado a un poste
Pra asalo como un cabrito.

Onde estará o porquiño
Onde estará o porquiño.

Onde queira que este
Vaia recristo
Escapou do curral
Foiche ben listo.
Pra poder atopar
Ó porco ese,
Tubo que botar man
Do GPS.

Tomando estaba un xastré
Na estrada a Vilar de Barrio
Para ser moito máis exactos
Xustiño no bar do Claudio.

Lendo o “Cuento de Laza”,
Periodico con fundamento,
Que só o leo eu
Pra ter fresco o testamento.

Neste tamén saen “chicas”
Pero á contra do interviu
Que son fracas e de fronte,
Neste gordas e de cu.

Abro a paxina en sucesos
Coa noticia aínda en crúa,
“un intento de atentado
no barrio chamado A Rúa.

Carallo!! Dixen pra min,
A xente volveuse “loca”
O que facía falta en Laza
Tamén os kale borroca.

Unha banda organizada
Formada por catro persoas
Atentaron sen compasión
Contra o tractor do Pelona.

Saú a xente da Rúa
Cos berros da tía Lola,
Acudir todos aquí
Que secuestran ó Cardolas!!

Dixo a Aurora da Paquita,
Deixádevos de tanto folión,
A montar todos nos coches
E vamos na persecución.

Facédelle caso a rapaza,
Saltou o Gilpe enseguida,
Vou buscar os cas a Vales
E dámoslle unha batida.

Alá os foron pillar
Ás pistas da parcelaria
Cansados de tanto correr
No podían mediar palabra.

Púxeme logo a indagar
A quen seguían as patrullas,
Eran rapaces do pobo
De broma en noite de pullas.

Ó primeiro que apañaron
Foivos ó do Portajero
Que quedou máis teso o pobre
Que o bigote do Tejero.

Saú o neto do Herminio
Maus arriba entre uns tablós,
Eu facer non fixen nada
Ando aquí ós “cojordos”.

O Manolito do Abril,
Outro que estaba no lío
Cando viu a cousa “chungu”
Chimpouse de cabeza o río.

Non sei o Maikel do Lero
Como se deu escondido
Por que é largo como un maio
E non pasa desapercibido.

Díxome a min compunxido,
Pra que che vou a contar,
Eu na vida corrín tanto
Non paraba de suar.

Estas cousas, sonche o demo
Imos ter que entrenar
Xa verás como pro ano
Non nos volven apañar.

Falou meu primo Cardolas,
Home de moita bondade
Perdoádelle os rapaces
Que o fixeron sen maldade.

Sangue nova, sangue quente,
Non é sangue de lambóns
So querían facer o mesmo
Que facían seus avós.

En alas da tradición
Vendo o que se está contando
Concedémoslle o perdón
Todos amigos e andando.

Este ano na parroquia
Pasou algo moi severo
Case nos marchan co cura
Monseñor don Luis Romero.

Seica entraron os ladros
E marcharon co cepillo
E deixaron a don Luís
O pobriño en calzoncillo.

Pois entón manda carallo
O susto non foi pequeno,
Pensando nos que atracaron
Ó tal Jose Luís Moreno.

Pero seica din por aí
Que non puideron con el
Que os correu igrexa abaixo
Coa espada do San Miguel.

O cura despois na misa
Cando botou o sermón
Deulle a todos os asistentes
Deste xeito a explicación.

Queridísimos hermanos
A igrexa foi saqueada
Pero estaba eu aquí dentro
E non deixei levar nada.

Teño que dicir por contra
Que me quixeron tumbar
Pro collín o incensario
E corrinós por o altar.

Despois votei man dun cirio
Tras deles pasillo abaixo,
Unha debía ser muller
Por que perdeu o refaixo.

Deume tempo de estudialo
Mireino de pes a cabeza,
Sen duda unha boa prenda,
Era da marca Princesa.

De repente veume á mente,
Aquí ten que estar a pífia,
Si as bragas son Princesa
Entonces, foi a Leticia.

Estas roupas axustadas
Quedan moito, moito bene,
Como a min non me valía
Leveilla a miña irma Irene.

Ai que contenta se puxo
Estaba favorecida
Dese xeito así quedoume
Para sempre agradecida.

Aproveito a coyuntura,
Non pensedes que é para min,
Si me dades 10.000 euros
Fago da igrexa fago un fortín.

Estase facendo tarde
Empezo logo o reparto
Que se bota a noite encima
E xa pasa das e cuarto.

Pra dar a gorxa do burro
Non vos teño a menor duda
É pra Carme do Végé,
Unha interprete cojonuda.

Como estivo no extranxeiro
Aprende cos Alemas
E o mellor de todo eso
É que ata o fala cos cas.

Viñeron unhas de alá
Amigas do Percherón
E traían un canciño,
Que malo era o cabrón.

Na madre que o pariu
Botábase a nós como un lobo
Dixo a Carme, todos quietos,
Eso arranxo eu logo.

Aiser frigen morten jai.
Non sei que lle puido dicir
Que meteu rabo entre as pernas
E entón empezou a fuxir.

Pregunteille o que lle dixo
Por que o can saíu por patas,
Pois díxenlle estate quieto
Senón poñémosche as latas.

Tamén teño aí gardado,
O lombelo e a papada
Pro que tiña o bar do Costa
Que escapou sen dicir nada.

Foi ese tal Sebastián
Chamado o Papa Noel
Deuse o piro ó caladiño,
Deixou pufos a granel.

Inventáronlle mil nomes,
Pase señora y escoja,
Roldan, Julian Muñoz,
E tamén Isabel Pantoja.

Ata lle oín dicir ás vellas
Cando saian do rosario
Unhas chamándolle o lute
E outras o solitario.

Bueno, eso do solitario
Non é xusto o que eu diría
Por que si se foi cos cartos
Xa levaba compañía.

Ós do coro xa lles din
Un anaco o ano pasado
Como aínda andan co choio
Tamén han levar este ano.

Ei temos ó Vicente
Que é o director da orquestra
Con só levantar a batuta
Xa teñen montada a festa.

Cando é para afinar,
Ponos todos de frente,
Esto que vos vou sacar
Es “el pito de Vicente”.

A ver entón quen de vós
Quere metelo na boca
Ser non será moi grande
Pro veredes como toca.

Os homes que son mas pillos
Xa lle din de cachondeo,
Que empecen elas primeiro
Co raio de pitorreo.

Pra coller a entonación
As mulleres din así
Vamos todas, un, dos, tres,
Do, Re, Mi, Fa, Sol... Pipí.

Dese xeito compañeiros
Entre canción en canción
O Vicente saca o pito,
E dicir, o diapasón.

Escóitame ben Vicente
Ten coidado co zimbel,
Se o andas sacando moito
Arrabuñate a Isabel.

E agora por si fora pouco
Está aprendendo a repicar
Deste xeito que vos conto
E que vos vou a explicar.

A campa grande á dereita
A pequena na outra mau
Co sombreiro e a melena,
Igual co Carlinhos Brown.

Aqueles que o escoitaron
Dixeronme, éche unha pena,
Non sabemos si é a tronos
Ou se toca a Macarena.

CAMPANA SOBRE CAMPANA
Y SOBRE CAMPANA UNA
DIOS NOS LIBRE DO VICENTE
QUE NON ACERTA NIN UNHA.

EI VEN, ESCAPADE QUE EÍ VEN
O REPICAR SAIULLE
O CHUCUCHU DO TREN.

Se o Cuco levanta a cabeza
Bota man do incensario
Empeza a bourazos nel
E chímpao do campanario.

Teño a barriga gardada
Por aí atrás nun canastro
Que lla leven a Sótelo
O David o Mantarrastro.

Moita falta non lle fai
Que de bandullo anda listo
Sen pretender comparar
Parece mesmo un obispo.

Quen lle puxo Mantarrastro
Puido quedar descansado,
Pero neso atinou ben
Que anda sempre derreado.

Fomos amigos e somos,
Pero xa dende pequeno
Sempre pensei Mantarrastro
Que eras máis feo co demo.

Foi de viños cos amigos
E por aí algún lambón
Rouboulle un caldeiro de callos
Que levaba no furgón.

Eu pregunteille, David,
Non estás preocupado?
Estaría se foran pra min,
Pero eran pro Dodo do Amado.

Pois entonces non te aflixas
Non andemos con carallos,
Ti quedaches sen cobrar
E o do Amado sen os callos.

Os cagallóns que son moitos
E dan moi boa comida
Vanos levar uns cantos
Que andaron de movida.

Trouxeron unha Peruana,
Contan que moi bonitiña,
Para darlle a bienvenida
Armáronlle unha festiña.

Todo empezou moi tranquilo
Pro dixo o cura Don Luis,
Foi o demo que entrou neles
Remataron facendo streep-tees.

O Zoilo e o Andres
Puxéronse en top-less,
O Severino e o Tiburon
Baixaron o pantalón.

O Ñaca e máis o Roliño
Ensinaron o cucio,
O Chema e o Pepe Ferreiro
Espiron o corpo enteiro.

O Percherón e o Gigi...
O Percherón e o Gigi...
O Percherón e o Gigi...
Carallo, quedei parco
A ver, sacádeme do charco.
O Percherón e o Gigi
Ensinaron o.....?

A Carmiña do Rolan
Que tamén estaba na cena
Dixo o ver ós monumentos,
Dios nos valga, esto é unha pena.

Veño aquí a esta festiña
Invitada poro o Rolo
Pra ver a estes mentecatos
Está mellor o meu Manolo.

O Calchano e o Chatiña
Voulles dar o cabezón
Xa que agora se meteron
Ó dos bailes de salón.

Foi no bar da discoteca
De súpeto sen dicir nada
Agarráronse un o outro
E bailaron a lambada.

Danlle tanta intensidade
Cando se poñen co tango,
Que si alguén non os coñece
Pensa que están pelexando.

Uns a “Operación triunfo”,
Outro van o “Allá tú”,
Estes a “Mira quien baila”,
Ou se non xa verás tú

O Loliño do Ardillas
Algún cacho ha de levar
Teño aquí as dúas canelas
Pero non sei cal lle dar.

Foi vacinar un cadelo
Que o Claudio lle regalou
Ó chegar á veterinaria
Menudo susto levou.

Mentres agardaba o turno
Quedouse como durmido
Cando quixo darse conta
Xa o tiñan medio espido.

O animal era tan pequeno
Que o levaba nun bolsiño
Como non vían ó can
Querían vacinar ó Loliño.

Díxolle entón o Ardillas
A doutora de la Fuente,
Xa sei que din por aí
Que son home moi “caliente”.

Dende que era rapazolo
Tiven fama de don Juan,
Pero non vexo razón
Pra tratarme como un can.

Ás bocas murmuradoras
Doulle algo con gratitud
A lingua deste burriño
E tamén o ollo do cu.

Así facendo parella
Vaian xuntos no camiño
Dese xeito entón a lingua
Que a metan no cucuíño.

Si me dera por varrer
As bocas que ladran mal
Non daría feito vasoiras
Con todo o que hai no xestal.

Os cravos dás ferraduras
Pra que fagan un rosario
Todos os que neste ano
Foron saíndo do armario.

Aquí atópome a un,
Tal vez ti non o sabías,
Veciño de Villamea
E responde ó nome de Elías.

Mentres rapaba as ovellas
Pasou o helicóptero do SOS,
Nin corto nin perezoso,
Baixóullelos pantalóns.

O piloto o pobre home
Chegou todo acontecido,
Acabo de ver a unha ovella
E por enriba un home espido.

O peor de todo esto,
Xa me dixo a min o Eloi
Hano contrata nas festas
Pra facer de sexy boy.

Vaise achegando o remate
Vexo caras de tristeza,
É hora de alzar a mirada
Erguede arriba a cabeza.

Dez Peliqueiros co loito
Surcan o ceo esta noite
Tres o norte, tres o sur,
E outros catro alá o fronte.

Mesturados coas estrelas
Enchen de maxia a Picota
O sentir marchar os chocos
Deixa o son dunha alma rota.

Alzade o ceo as caretas,
Que se entere o mundo enteiro
Por dentro dás nosas veas
Corre sangue de Peliqueiro.

Xa non temos elección,
Dende sempre foi así,
Nas entrañas da túa nai
Peliqueiros si ou si.

Noso pai danos o orgullo
A nai a sangue diviña
E da acera da picota
Aprendemos a posturiña.

O chasquido da Zamarra
Como o golpe dunha maza
Soa a triste despedida,
VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!